

Coñece ó noso equipo: EVA RODRÍGUEZ MÍGUEZ, Investigadora do grupo GRIEE

Eva Rodríguez-Míguez é profesora titular do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo e doutora en Economía pola Universidade Complutense de Madrid. Actualmente é investigadora do grupo GRIEE e co-dirixe o grupo QoLE do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.

As súas principais liñas de investigación enmárcanse no campo da Economía da Saúde e a Economía Experimental, destacando as súas investigacións na medición da calidade de vida relacionada coa saúde. Os seus traballos son de interese, tanto dende un punto de vista metodolóxico —deseñando novos indicadores de saúde e analizando as propiedades dos xa existentes—, como aplicado —colaborando na aplicación de conceptos económicos á investigación biomédica. Tamén traballou en temas relacionados coa priorización de pacientes, ponderacións de equidade na análise custo-efectividade, estudos do custo social da enfermidade, medición da dependencia e medición da calidade de vida no ámbito das drogadiccións.

Ten participado en 12 proxectos de investigación financiados a través de convocatorias competitivas e en 9 con institucións públicas e privadas. A súa investigación ten sido publicada en libros e revistas de impacto, tanto nacionais como internacionais, destacando 15 publicacións no Journal Citation Report, máis da metade delas no primeiro cuartil. Obtivo o Premio da Asociación de Economía da Saúde (II Edición) ao mellor artigo de Economía da saúde, cuxo obxectivo é recoñecer a excelencia neste campo.



O 'Workshop on Dynamic Macroeconomics' celebrou a súa 23ª edición

O evento científico, organizado polo grupo RGEA e o LAEF (*Laboratory of Aggregate Economics and Finance*) leva máis de dúas décadas organizándose, e cada ano reúne en Soutomaior a investigadores de prestixio internacional, coma o Nobel de Economía Finn Kydland.



O 'Workshop RGEA 2018' marca o inicio do ciclo de seminarios do curso 2018/19

O 4 de setembro celebrouse unha sesión que contou coa participación de investigadores pertencentes a nove universidades internacionais, e que deu o pistoletazo de saída ó ciclo de seminarios celebrados cada curso académico na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.



O novo Informe ARDÁN inclúe un indicador de igualdade de xénero baseado nun estudo levado a cabo por investigadoras de ECOBAS

Na elaboración deste informe, que se publica todos os anos, participan diversos investigadores/as de ECOBAS, e este ano conta cun indicador sobre a igualdade de xénero nas empresas galegas, ademais doutros datos como un estudo sobre economía circular.



Celébrase o acto inaugural do 'Programa Formativo en Xestión Estratéxica e Operativa de Centros e Unidades de Investigación de Excelencia'

ECOBAS participa nesta actividade, pioneira en España, que conta con dúas modalidades de formación: o curso GESCI, para directores de unidades de investigación; e o curso GOSCI, para xestores.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Fundación ONCE - Programa de becas Prácticas Fundación ONCE-CRUE
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 17 de decembro de 2018.

Universidade de Vigo - Avaliación da actividade docente (quinquenios)
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 2 de xaneiro de 2019.

Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades - Centros de Excelencia «Severo Ochoa» y «Unidades María de Maeztu» 2018
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 10 de xaneiro de 2019.

Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades - Sexenios Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 18 de xaneiro de 2019.

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Comisión Europea - Innovative Training Networks (MSCA-ITN)
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 15 de xaneiro de 2019.

Comisión Europea - Research and Innovation Staff Exchange (MSCA-RISE)
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 2 de abril de 2019.

EVENTOS DE INTERESE:

20 de decembro - Conferencia Bernardo Hernández. *Revolución digital y nuevos modelos de negocio* (Santiago de Compostela)

9-11 de xullo - XXIV Workshop on Dynamic Macroeconomics (Soutomaior)